

Á DIRECCIÓN DA EOXI LUGO, CERVO, MONFORTE

Asunto: Formación en colocación EPIs PACs



Á Sección Sindical da CIG-Saúde foi notificada de que se estaba a convocar ao persoal de varios PAC da provincia para recibir formación en colocación de EPIs con motivo da pandemia COVID-19.

Dende a CIG non se cuestiona a necesidade de formación, entendémola como fundamental, e ademais recomendada polas distintas sociedades científicas co fin de crear automatismos, inercias e mellorar habilidades, como os cursos de Soporte vital básico ou o lavado de mans. Debido a que vivimos nun mundo globalizado e cambiante quizá isto sexa necesario, de agora en adiante, de xeito repetido e no tempo de traballo ou compensado.

Si que temos claro que, dende logo, para atallar a pandemia en curso esto nin procede nin vén a tempo. O persoal tanto sanitario como non sanitario síntese abandonado e burlado, non se contou con el ata que sen previo aviso nin máis explicación foi convocado dun xeito aséptico e desmotivador.

Que menos que a convocatoria levara unha disculpa polo tardío da formación, explicando a gran carga de traballo do servizo de prevención e a incapacidade de dirección de buscar outras alternativas formadoras, incluso aludindo á confianza que Dirección ten depositada na profesionalidade destes profesionais.

Pedimos unha reflexión desa Dirección para ver como se aborda o apoio e soporte ao persoal para abordar as sucesivas ondas, que sen dúbida virán, non só para que exerzan o seu traballo co respaldo das súas xefaturas, senón para que a formación sexa a tempo e suficiente.

Consideramos que co dito se entende perfectamente a queixa do persoal como a desta sección sindical. Nin que dicir, e unha vez máis que hai estudar con detemento unha mellora seria nas canles de comunicación co persoal.

Atentamente

Asdo: Carme Aira

Lugo a 4 de maio de 2020

CIG
SECRETARÍA COMARCAL
CARMEN AIRA DIAZ
33308221-N